

BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO " O CASTRO V " - CONCELLO DE CASTROVERDE

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da Orde do 17 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 88, do 9 de maio de 2019), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego " O CASTRO V ", promovido polo Concello de Castroverde e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Segunda.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 17 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. Os alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais.

- Ter dezaoto ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

b) Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

Quinta: causas de exclusión

- ✓ Non cumprir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Sexta.- Oferta de actividade.

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspondendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

Oficina de emprego Lugo Sur:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Castroverde.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Ribeira de Piquín.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados:(Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos : reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

OFERTA 3

- Ámbito xeográfico: Concello de Pol.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados:(Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

Oficina de emprego de Mondoñedo

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de A Pastoriza.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos : reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Riotorto.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidade formativa a cursar: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes AGAR0309.. Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Xardineiro, peón xardineiro, peón forestal, traballador forestal) NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais exixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.

A selección terá lugar o 30 de outubro de 2019 na Casa Consistorial do Concello de Castroverde

- ás 10,00 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo que se vai a impartir en Riotorto, A Pastoriza e Ribeira de Piquín.
- ás 12,00 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo que se vai a impartir en Castroverde e Pol.

Sétima: Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos cinco últimos anos nun obradoiro de emprego, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista.no orden que lle corresponda tendo en conta a súa puntuación.

Á vista do anterior, o grupo de traballo mixto en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as

de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 11 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 26 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempleado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O grupo mixto asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

Oitava.- Listaxe de reserva.

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Novena.- Admisión.

As persoas seleccionadas polo grupo de traballo mixto serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumplan os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

Décima.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este grupo de traballo mixto no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.


Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases serán publicadas nas páxina web da entidade promotora, así como nos taboeiros de anuncios da entidade promotora, da oficina de emprego que tramite a oferta e da xefatura territorial.
No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Lugo a 14 de outubro de 2019



María Pilar Ferreiro Villar



Clemente Iglesias González



Emilio Rodil Cotarelo



Francisco Quinzá-Torroja García

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vitimas de violencia de xénero2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....1 punto.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 4 puntos.
- 30 - 44 anos 1 punto.
- 45 ou máis 3 puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía \geq 33 % 1 pto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 1 punto.
- Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
- Non perceptores 4 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses 1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 4 puntos.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia erceptores (RISGA) 1 punto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado..... 3 puntos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
- Monoparental con fillo/s 1 punto.

10.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma destas bases..... 2 puntos.

11.- ENTREVISTA

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 11 puntos.